

Daniel Nieto García

Investigador distinguido na Universidade da Coruña. Anteriormente, profesor asociado (2019-2024) en Biofabricación para Medicina Rexenerativa no Instituto MERLN (Institute for Technology-Inspired Regenerative Medicine), Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade de Maastricht. Máster en Física Experimental pola Universidade Nacional de Irlanda e Doutor en Fotónica e Tecnoloxías do Láser (Premio Extraordinario, 2012) pola Universidade de Santiago de Compostela.

Realizou estadias posdoutorais na Universidade de Granada, na Universidade Nacional de Irlanda (Irlanda) e no Laboratorio Internacional de Nanotecnoloxía (Portugal). Foi profesor visitante na División de Ciencias e Tecnoloxía da Saúde (HST); Harvard Medical School-MIT e Brigham and Women's Hospital e no Instituto de Enxeñaría Biomédica da Universidade de Oxford (Reino Unido). Obtivo bolsas do programa Marie Skłodowska-Curie, da Sociedade Europea de Bioloxía Molecular (EMBO) e da Bolsa Santander para Profesores Mozos. En 2015 obtivo a Bolsa de Posdoutoramento (Modalidade A-Investigadores novos) e en 2018 a (Modalidade B_Investigador independente) dentro do programa IC2 da Xunta de Galicia.

Foi investigador senior da Universidade Nacional de Irlanda, onde desenvolveu unha "planta piloto de biofabricación avanzada para aplicacións biomédicas. Foi profesor visitante no Instituto Tecnolóxico de Nova Jersey (NJIT) nos Estados Unidos. Autor de 60 publicacións en revistas científicas e máis de 70 contribucións a congresos internacionais. Autor de 7 patentes e modelos de utilidade para dispositivos de biofabricación (bioimpresoras para córnea, multimaterial, biopen para rexeneración de pel, córnea e cartilaxe) e biotintas para enxeñaría de tecidos. Co-fundador de dúas empresas de base tecnolóxica: 3Dbiolux e Healthbiolux.

Participou en máis de 15 proxectos de investigación, sendo investigador principal da National Science Foundation (NSF) nos Estados Unidos e en proxectos de desenvolvemento tecnolóxico nos Países Baixos, ademais de participar como membro en varios proxectos do European Research Council ERC. Recentemente obtivo unha subvención "ERC Consolidator grant" do Consello Europeo de Investigación (ERC) para o desenvolvemento dunha nova tecnoloxía de biofabricación 3D para tecidos e órganos artificiais vascularizados a varias escalas, dotada con 2M €. Profesor do Máster en "Investigación Translacional e Medicina Personalizada" da Universidade de Granada, profesor visitante na Universidad de Masstrich; e "Extraordinary professor" na North-West University (NWU) en Potchefstroom, Sudáfrica, donde esta a montar un laboratorio satellite (DNIETO UDC-NWU LAB) de biofabricación avanzada con obxectivo de impulsar promover a biofabricación 3D e crear un programa de formación de estudantes entre a NWU e a universidade da Coruña

É líder mundial no desenvolvemento de tecnoloxías avanzadas de biofabricación para a enxeñaría de tecidos en medicina rexenerativa, sendo organizador de varios simposios e conferenciante invitado en varios congresos internacionais (TERMIS AM, TERMIS AP, ISBF...). Foi membro do comité científico dun total de 4 congresos internacionais e organizador de 2 escolas internacionais de verán e 1 congreso nacional. Editor de varias edicións especiais sobre biofabricación e bioimpresión 3D en revistas científicas como Biofabrication, International Journal of Bioprinting (IJB) e Frontiers. Avaliador experto



do Consello Europeo de Investigación (ERC) e da Axencia Española de Investigación (AEI). Contribúe coa súa investigación multidisciplinar ao desenvolvemento de tecnoloxías avanzadas de biofabricación, centrándose na resolución dos principais problemas técnicos e biolóxicos relacionados coa bioenxeñaría dos tecidos humanos; co obxectivo fundamental de xerar innovación científica en biofabricación e bioimpresión 3D cara á estandarización e a produción de alto rendemento.